

El Correo Gallego

'Celda 211', Luis Tosar e Lola Dueñas, gañadores da XV edición do Premio Cinematográfico José María Forqué

A película *Celda 211*, do director Daniel Monzón, o seu protagonista Luis Tosar e Lola Dueñas, actriz principal de *Yo, también*, foron os triunfadores da noite na XV edición do Premio Cinematográfico José María Forqué, que cada ano recoñece o valor e a calidade das mellores producións do cinema español. A actriz Belén Rueda entregoulle o galardón a Mellor Película a *Celda 211*, dirixida por Daniel Monzón. O Premio á Mellor Interpretación Masculina, entregado por Gracia Querejeta, recaeu en Luis Tosar, protagonista de *Celda 211*. Lola Dueñas levou o Premio á Mellor Interpretación Feminina, entregado por Javier Fesser ■ E. PRESS